


## Unidade 10. Enguedellados nas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Relaciona.



### 2. Observa e colorea de vermello o que debemos poñer nunha análise morfolóxica.

	xénero	número	persoa	tempo
<b>substantivo</b>				
<b>adxectivo</b>				
<b>determinante</b>				
<b>pronome</b>				
<b>verbo</b>				

### 3. Escribe unha palabra que corresponda a estas propostas. **Resposta libre.**

- Adxectivo, masculino plural → \_\_\_\_\_
- Substantivo común, feminino singular → \_\_\_\_\_
- Determinante demostrativo, masculino singular → \_\_\_\_\_
- Verbo, futuro, terceira persoa plural → \_\_\_\_\_
- Adverbio de cantidade → \_\_\_\_\_
- Pronome persoal, primeira persoa singular → \_\_\_\_\_

### 4. Analiza morfoloxicamente o seguinte.

- O gato marrón.

O                      Artigo determinado, masculino, singular.

gato                      Substantivo común, masculino, singular.

marrón                      Adxectivo, masculino, singular.

## Unidade 10. Enguedellados nas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 5. Le.

- **Pola** mañá erguémonos cedo para ir **á** escola.
- **Ao** chegar **da** escola fago os deberes **cos** meus irmáns **no** estudo **do** meu pai.

### 6. Escribe as palabras destacadas neste cadro e complétao.

	<b>a</b>	<b>con</b>	<b>de</b>	<b>en</b>	<b>por</b>
<b>o</b>	ao/ó	co	do	no	polo
<b>os</b>	aos/ós	cos	dos	nos	polos
<b>a</b>	á	coa	da	na	pola
<b>as</b>	ás	coas	das	nas	polas

### 7. Escribe as oración facendo as contraccións que se piden.

- Pepe ten un posto de peixe (en+a) praza.  
**Pepe ten un posto de peixe na praza.**
- (En+ o) verán lin *Viaxe* (a+o) *centro da Terra* de Xulio Verne.  
**No verán lin *Viaxe ao/ó centro da Terra* de Xulio Verne.**
- Uxía vén (de+a) da escola (por+o) camiño (de+o) Facho.  
**Uxía vén da escola polo camiño do Facho.**
- Fomos (a+o) cine (con+as) amigas (de+as) miñas irmáns.  
**Fomos ao/ó cine coas amigas das miñas irmáns.**

### 8. Ditado.

Os trasnos ataron a Pachín ao tronco dun acivro cunha fibela corrediza, de tal xeito que se tiraba da corda máis lle apertaba. O coitado estaba condenado á contemplar a situación sen poder facer nada, pero atopou unhas pedras coas que machicou as cordas e guinouise sobre unha perna do trasno e meteulle unha dentada, tan fonda coma dentes tiña.

## Unidade 10. Enguedellados nas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 9. Le.

[...] Malú consolouse coa idea de que a avoa deitárase cedo. Entón podería escapar ao cuarto do seu irmán para votar unha partida co ordenador. Tiña un xogo novo chamado A Aposta e podíase apostar calquera cousa cunha especie de marciano chamado 2AE3Ô, desde unha partida de xadrez ata atopar antes ca el a saída do labirinto.[...].

Blanca ÁLVAREZ



### 10. Completa esta definición de novela.

prosa

extenso

ficticia

- A novela é un relato **extenso** escrito en **prosa** que narra a historia **ficticia** duns personaxes.

### 11. Contesta estas preguntas sobre a actividade 1.

- Cal é o título?

**Malú e o marciano do ordenador.**

- Quen é o personaxe principal?

**Malú.**

- Cal é o personaxe secundario?

**A avoa.**

### 12. Escribe a continuación do relato.

**Resposta libre.**

## Unidade 10. Enguedellados nas palabras

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 13. Observa esta páxina web.



### 14. Completa.

navegador

páxina web

World Wide Web

servidor

- A **páxina web** é un conxunto de ficheiros que conteñen imaxes e vídeos e outros arquivos.
- O **navegador** é imprescindible para poder visitar calquera páxina.
- A rede de páxinas web entrelazadas chámase **World Wide Web**.
- Cada páxina está aloxada nun **servidor**, o que nos permite entrar nelas en calquera momento.

### 15. Contesta.

- Cal é a característica principal das páxinas web? **As hiperligazóns.**
- A túa escola ten páxina web? Que ligazóns podes atopar nela? **Resposta libre.**